

D. Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Política Lingüística - Xunta de Galicia
Rúa da Pastoriza 8
15781 Santiago de Compostela

Benquerido Anxo,

O pasado 17 de novembro coñecemos a través dunha nova no web da Xunta de Galicia [<http://www.xunta.es/linguagalega/noticias/1256>] que a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) edita en DVD unha antoloxía do programa televisivo *Ben falado*.

Segundo se anuncia nesa nova, o DVD, ademais de estar dispoñíbel nas principais librerías, «a Consellería de Educación distribuirá exemplares nos centros educativos e nos máis de corenta centros de estudos galegos de fóra da comunidade».

Deste xeito, como ben sendo habitual, unha vez máis a SXPL «esquécese» para a distribución de materiais normalizadores dos arredor de 80 servizos de normalización lingüística que están activos no país, cando, lembrámoslle, unha das funcións principais da SXPL é «promover, impulsar e coordinar o labor de normalización lingüística dos servizos de normalización doutros organismos e administracións públicas» (Decreto 83/2009, do 21 de abril).

Polo tanto, desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), solicitámoslle que desde a SXPL se teñan en conta os servizos de normalización lingüística (de concellos, de universidades, doutros organismos, etc.) para a distribución de materiais e, neste caso en concreto, que se lles envíen aos SNL exemplares do DVD do programa televisivo *Ben falado*, igual que se lles envían aos centros de ensino ou aos centros de estudos de fóra da comunidade.

Reciba un cordial saúdo,

Nel Vidal Barral
Presidente da CTNL

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2009